

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa da deputada **Elena Candia López** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego **3577 (11/PNC-000406)** Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para evitar o impacto para o sector gandeiro de Galicia da actual redacción do Proxecto de real decreto polo que se establecen normas para a nutrición sustentable dos solos agrarios, así como para a elaboración dun plan coas medidas necesarias para a extensificación, o pastoreo e as boas prácticas agrícolas.

Emenda de Substitución:

Débase substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Que continúe a reclamar do goberno do estado a toma en consideración das alegacións remitidas para a modificación do proxecto de Real Decreto polo que se establecen as normas de nutrición sostible dos solos agrarios, nas que se recollen as achegas de diversas entidades públicas e privadas.
- 2.- Que compareza un membro do goberno en sede parlamentaria para dar conta das alegacións previo traslado das mesmas aos membros da Comisión 7ª”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/11/2020 18:07:36

María Elena Candia López na data 18/11/2020 18:07:48



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado **José Antonio Armada Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en comisión do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **4214 (11/PNC-000492)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar o peche definitivo da Axencia de Extensión Agraria de Vila de Cruces e mellorar as súas condicións de accesibilidade

Emenda de Substitución:

Débese substituír a texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar e desenvolver o Plan de mellora da atención no rural mediante a dinamización e modernización das oficinas agrarias comarcais garantindo que aquelas manteñan as súas funcións de dinamización e de asesoramento aos gandeiros e agricultores das zonas correspondentes dotándoas dos medios materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.”

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2020.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 18/11/2020 18:05:08

José Antonio Armada Pérez na data 18/11/2020 18:05:21

